

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A FUNDACIÓN INGADA PARA A DIFUSIÓN E FOMENTO ENTRE OS PROFESIONAIS SANITARIOS DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN PARA O TRATAMENTO DOS PACIENTES CON TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDADE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

- Que o Servizo Galego de Saúde, a través da ACIS, formalizou coa fundación INGADA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 2 de decembro de 2017 ata o 31 de decembro de 2019.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un marco de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación INGADA para implantar e recoñecer o interese das accións formativas dos profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde respecto da intervención sanitaria nas persoas afectadas polo trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

No compromiso da fundación INGADA en realizar a programación docente e seleccionar ao profesorado para o desenvolvemento de dúas edicións do curso de formación sobre o *tratamento do TDAH desde o ámbito sanitario*. Así como, colaborar na xestión para a acreditación do mesmo coa ACIS co fin de que este curso sexa recoñecido polo Sistema Acreditador da Formación Continuada dos/das profesionais sanitarios/as na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para conseguir o obxectivo deste convenio, o Servizo Galego de Saúde dará difusión, a través da ACIS, aos profesionais sanitarios destinatarios do citado curso.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 14 de decembro de 2017.